

Arredor do problema trinitario

Teoloxía Victorino Pérez Prieto organiza e clarifica a obra inmensa e pioneira de Raimon Panikkar

Hai xa anos Paul Ricoeur falou dunha deriva continental das culturas. Houbo xa un encontro fundacional entre profecía bíblica e logos grego, entre Atenas e Xerusalén. Agora está en marcha o achegamento entre Oriente e Occidente. Son movementos de tal magnitude que non se poden forzar, pero si axudar.

Raimon Panikkar, de pai indio e nai catalá, que se sente cristián e hinduísta, é pioneiro, cunha obra inmensa e moi citada. Un dos méritos non menores desta obra de Victorino Pérez Prieto está en tela buscado, organizado e clarificado. Son hoxe no mundo poucas as persoas que a coñezan tan exhaustivamente. Compréndese que o chamasen a colaborar coa espléndida edición italiana das obras completas, alí en curso.

Co contido sucede algo semellante. Panikkar é un espírito universal, nunha fervenza imparable de citas e referencias, de intuicións, suxestións e afirmacións non sempre fáciles de coordinar entre si. Cunha aclaración dos termos sánskritos (p. 51-518), e

coas numerosísimas citas, que constitúen unha preciosa antoloxía, este estudio non só orienta e ilumina a lectura, senón que permite esquivar desvíos estériles ou perigosos.

O tema marca as preocupacións fundamentais de Panikkar. A primeira, falar de Deus na cultura actual, multicultural, multirelixiosa, tratando de o situar alén tanto do *monoteísmo* como do *ateísmo* (“el ateísmo asfixia y el teísmo enloquece”: p. 490). A alternativa, unha visión unitaria, *advaita* (non dualidade) e cosmoteándrica, é dicir, que inclúe: mundo (*kosmos*), Deus (*theós*) e home (*anér*). Intenta así “la síntesis armoniosa (...) entre el cuerpo y el alma, el espíritu y la materia, lo masculino y lo femenino, la acción y la contemplación, lo sagrado y lo profano, lo vertical y lo horizontal” (p. 318).

De aí, como indica o subtítulo, unha nova concepción da Trindade. Camiño difícil, se os hai. Victorino Pérez Prieto non se reduce a unha mera exposición, senón que, en coidadosa selección, compara cos demais inten-

Dios, Hombre, Mundo. La trinidad en Raimon Panikkar · Victorino Pérez Prieto · Ed. Herder, 2008 · 533 páx· 33 euros



tos actuais e, con discreción exquisita, faille preguntas atinadas, sinalando algunha carencia e poñendo dificultades concretas (cf., por exemplo, p. 230; 273-5: 346-7; 460, e nas “Conclusiones”, p. 487-514).

Creo que esta achega, valorada como excelente polo propio Panikkar, vai entrar na lista de honros dos comentaristas. O problema trinitario, do que xa santo Agostiño afirmara con moita razón: “dicimos tres persoas para non estar calados, non para dicir o que é a Trindade”, é hoxe un punto candente na discusión teolóxica. Un pode, como é o meu caso, non concordar sempre coas teses de Panikkar (sobre todo, como Pérez Prieto non deixa de facer notar, coa súa depreciación do “mito da historia”). Pero non cabe



As mans de Cristo á idade de doce anos, 1506. // A. Durer

negar que o teólogo catalán abre un novo espazo á reflexión, sacando a discusión da repetición rutineira e abríndoa aos estímulos que, vindo dunha cultura distinta, rompen o colonialismo cultural de Occidente.

Escrito entre nós, por un compañeiro de traballo teolóxico, ofrece unha oportunidade excelente

de se achegar a esa “nova inocencia” coa que Panikkar, abríndose á profundidade do real, rompe a enfiesta dicotomía teísmo-ateísmo cara a unha espiritualidade universal, sensible en transparencia –*diafanía*– á unidade indestrutible Deus-home-cosmos. // **Andrés Torres Queiruga**